

ROGO que presenta o Grupo Municipal de AGROMA SOBER ante o Concello-Pleno de Sober en relación ao incendio de Doade esta primavera de 2021



EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 31 de marzo produciuse un incendio forestal na parroquia monfortina de Marcelle, que queimou algunhas hectáreas de piñeiral en Doade.

O lume iniciouse pouco antes das dúas da tarde e foi estabilizado cara as sete e media dese mesmo día, téndose queimado unhas trinta hectáreas.

Na nota de prensa sobre o incendio, a Consellería de Medio Rural informa que traballaron nas tarefas de extinción “1 técnico, 3 axentes, 7 brigadas, 3 motobombas, 4 helicópteros e 4 avións”, mais na maior parte da tarde no lume non había tantos medios nin coordinación. Asemade, tal como recoñece a propia Consellería, “durante as tarefas de extinción, un avión de carga en terra sufriu un rebentón nunha roda mentres se dispoñía a repostar auga na base de Doade”. Este feito impediu que este avión estivera operativo e inutilizou a pista de Doade, porque tampouco houbo medios para apartalo e arranxalo noutro sitio, deixando a pista libre.

Este rebentón de roda dunha nave non é un feito puntual, ten pasado máis veces porque a pista da base contraincendios de Doade ten un tramo sen asfaltar.

Tendo dúas bases contraincendios ben perto, a de Doade e a do Marroxo, resulta desesperante que, segundo nos refiren testemuñas, tardaran en chegar medios, avanzando moi rápido o lume, tanto que chegou á trintena de hectáreas.

Dende Agroma Sober consideramos que o Concello de Sober debe esixir á Consellería de Medio Rural unha aclaración sobre os detalles do dispositivo no incendio declarado na parroquia de Marcelle o 31 de marzo de 2021 e que urxa a

poñer a pista de Doade coas mellores condicións e medios para afrontar os incendios.

Polo exposto, o Grupo Municipal de AGROMA SOBER traslada o seguinte ROGO:

- **Trasladar á Xunta que achegue ao Goberno Local e Grupos Municipais un informe detallado sobre o incendio orixinado en Marcelle o 31 de marzo de 2021.**
- **Trasladar á Xunta que se mellore a base de Doade a fin de evitar os rebentóns de rodas de avións e se dote dos medios necesarios para afrontar os incendios.**

En Sober, a 5 de abril de 2021.